

ACTIVIDADES DO TEMA 5: O galego de 1936 a 1978

1. Sitúa o seguinte texto na época correspondente e indica dúas características lingüísticas fundamentais do galego escrito desta etapa, sempre a partir de exemplos do fragmento. Explica brevemente aspectos positivos e negativos da situación social do galego neste período. (Extensión aprox. 250 palabras)

James Baldwin consagrouse internacionalmente como gran escritor iste vran pasado. As revistas europeas descubriron súpetamente a personalidade dun escritor que xa vivira moito tempo en París e que tiña publicados catro ou cinco libros e unha chea de artigos e contos en revistas. Como acontece de cote, o descubrimento prodúxose por razóns alleas á literatura; concretamente, a campaña antisegracionista eque está desenrolándose nos Estados Unidos.

Grial, nº 3, xaneiro-marzo 1954.

2. Explica as circunstancias sociolingüísticas da época en que foi escrito este texto e o motivo da súa elaboración. Sinala dúas actividades normalizadoras levadas a cabo polos intelectuais do exilio e comenta outras dúas efectuadas desde a propia Galicia durante a ditadura franquista.

En primeiro lugare, o cariter ausoluto do control que o Estdo exerce encol da vida cultural. Non pode publicarse ren, ausolutamente ren, que non sexa previamente eisaminado e autorizado pol-a censuralestadal.

[...] o caraiter gubernativo e non legal das prohibicións. Moitas das prohibicións non constan en ningunha lei escrita e promulgada. Son simpres ordes da Autoridade gubernativa. Mais, dado do cráiter diutatorial do aitual Estado Hespañol, as ordes gubernativas teñen n-aqueil pais toda-la forza executiva e coercitiva d-unha lei... A orde gubernativa establece somentes obrigas in dereito nin garantía...

Anónimo: *Denuncia diante a Unesco da persecuizón do idioma galego pol-o Estado Hespañol*, Centro Galego de Bos Aires

3. Analice o texto da imaxe, indicando as principais características sociolingüísticas da época na que foi escrito (1942) e difundido. Explique as consecuencias deste período para os prexuízos lingüísticos cara ao galego. (Extensión aprox. 250 palabras)



